

OFRENDA

À VIRXE DAS DORES

LALÍN

20 · 09 · 2026



Mons. Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo

HOMILÍA

Is 55, 6-9; Flp 1, 20c-24.27a; Mt 20, 1-16

Queridos irmáns,

Celebramos hoxe a festa da Virxe das Dores, patroa de Lalín.

Facémolo como unha gran familia, representada aquí pola comunidade parroquial, na que o Sr. Alcalde tomou a palabra en nome de todo o pobo. É un día de gran alegría para todos, no que reafirmamos xuntos os horizontes bos da nosa vida. Porque festexamos como pobo de Deus, que une a vivos e defuntos, que non ten fronteiras, porque o seu corazón e a súa fonte de vida é un amor infinito que celebramos en cada Santa Misa, neste gran sacramento do sacrificio do noso Señor Xesucristo⁷ e da súa resurrección para a salvación de todos.

Este tesouro vivo de amor, de sacrificio, de esperanza sen límites, que nos vén de Cristo, é o corazón da nosa fe. Así cremos, así pensamos, así viviron os nosos, os que fixeron as nosas casas e tantas persoas queridas ás que debemos moito; e así queremos vivir nós.

Hoxe celebramos esta unidade profunda, que non estamos sós, como expresa de modo único a Santísima Virxe María, a Virxe das Dores. O Señor Xesús déunola desde a cruz, como a nosa Nai; e o discípulo, todos os cristiáns, recibímola para sempre como algo propio. María non é para nós alguén alleo, como alguén doutra casa, un veciño ou unha visita, senón parte da nosa vida, familiar nosa.

Ela é Nai e ademais como Virxe das Dores, coñecedora do sufrimento, sabedora da entrega do seu Fillo, unida de todo corazón a El na súa paixón. Tamén Ela aceptou dar o máis amado, ao seu Fillo querido, pola nosa salvación, polo noso ben. O sacrificio da Cruz sucedeu co acordo do seu corazón.

Esta é a familia que Deus quería para nós: unidos ao seu Fillo Xesús, coñecedores do seu amor; vivindo con esta certeza no corazón, coidando uns doutros e protexidos ante todo pola súa Nai e a nosa, a Santísima Virxe María.

Pertencemos a esta casa e sempre podemos volver a ela, como facemos de modo festivo e solemne hoxe. Non queremos esquecer de onde somos, que cremos, onde puxemos a nosa esperanza. Estas son as nosas raíces, coas que podemos afrontar todos os desafíos da vida; que nos permiten asumir os traballos que fagan falta, como Paulo, que non teme nin a vida nin a morte, senón que desexa dar en calquera caso froito bo.

Aquí podemos pedir amparo e consolo, atopar o perdón e a misericordia que necesitamos, estar seguros da vitoria mesmo ante a morte. Aquí miramos os nosos seres queridos defuntos cunha esperanza certa, sen medo dunha separación que é máis pequena que o amor do Señor Xesús, que o amparo da Santísima Virxe.

Estes bens queremos transmitir de xeración en xeración, xunto coa devoción á Virxe das Dores. E isto queremos que atopen igualmente quen vén de lonxe, atraídos por unha vida que se expresa de modo verdadeiramente humano. Que poidamos compartir sempre o que somos: non só medios materiais, senón ante todo o que levamos dentro, o que dá razón do noso xeito de ser e de vivir: a nosa fe, a nosa certeza do amor de Deus, da verdade do Evanxeo, o noso ser parroquia e ser Igrexa.

Miremos un ano máis e sempre a Santa María, a Virxe das Dores. Así cumprimos o que nos dicía o profeta: Buscade ao Señor mentres se deixa atopar, invocádeo mentres está preto. En María o Señor déixase atopar, sempre, desde que foi neno, no momento da cruz e na alegría da resurrección, e hoxe mesmo .

Gardar viva a devoción á Benaventurada Virxe María, rezarlle e pedirlle, será a mellor protección para a nosa vida e as nosas casas; para que sigamos o noso camiño segundo os plans de Deus, en cuxa bondade e sabedoría confiamos. Acheguémonos a Ela como á nosa Nai e pidámoslle a súa intercesión e amparo, polas nosas necesidades e polas dos nosos seres queridos, por todo aquilo que levamos no corazón. Pidamos pola paz na nosa terra e en todo o mundo, polo fin das guerras e polos pobos que as padecen.

Encomendemos hoxe especialmente esta pobo de Lalín á Virxe das Dores, e pidámoslle que o mire como a cousa propia. Que interceda polas súas xentes e as súas familias, polas súas autoridades –polo Sr. Alcalde–, no seu importante servizo ao ben común. Que console aos enfermos e aos que sofren, protexa a nenos e novos, bendiga os matrimonios, sosteña o esforzo de cada día. E, sobre todo, que nos garde no ben, confiados na bondade infinita do Señor, que sabe ver o labor de cada un, de pequenos e grandes, mesmo dos últimos, e non nos paga segundo os nosos méritos, senón segundo a riqueza da súa graza sobreabundante, como nos aseguraba hoxe o Evanxeo.

Santísima Virxe das Dores, Patroa desta parroquia e esta pobo de Lalín, roga ao teu Fillo por nós. Amén.